



O ENTROIDO

TRES TEXTOS de ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



UNIDADE DIDÁCTICA


ED. PRIMARIA

 **EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

CEIP de GALÁN OSEIRO - ARTEIXO




CEIP de GALÁN
Oseiro-Arteixo (A Coruña)



Chamado tamén *bica*: é unha bola de fariña de millo sen lévedo, de tal xeito que resulta de sabor doce; nalgúns casos engádese algún outro ingrediente, como azucre ou pasas. Á masa incorpóraselle un chisco de manteiga. O *bolo* faise na pedra do fogar, pero colocando unha lousa especial chamada *pedra do bolo*; colocado nela, cóbrese cun papel e unha capa de cinza; inmediatamente prepárase un monte de leña sobre a bola e fáiselle lume ata que coza.


O día do bolo era o domingo, e de aí o consello que dan os galos:

Cacaracá
ponte na pa,
fai un bolo,
cómeo todo,
deixa un bocado
para martes de Entroido.




QUE SABES DO BOLO?

1.- Que outro nome ten o bolo? Colorear.



2.- Que ingrediente non leva o bolo? Risca.



3.- Onde se fai o bolo, nunha pedra ou nunha tixola?


| |
|--|
| |
| |

4.- Que día é o do bolo? Colorear.



O ENCRUCILLADO DO BOLO

5.- Resolvemos o encrucillado?



HORIZONTAIS

- 1.- De que material é a lousa sobre a que se coloca o bolo?
- 2.- O que se lle bota ao bolo antes de metelo no lume.
- 3.- Día para o que hai que deixar un bocado do bolo.
- 4.- Sae do millo e é un dos ingredientes do bolo.
- 5.- Unha bola de fariña de millo sen levadura é un...
- 6.- É o día do bolo.
- 7.- Que sabor ten o bolo?
- 8.- Aves que dan consellos sobre o bolo.

1.- PEDRA 2.- CINZA 3.- MARTES 4.- FARIÑA
5.- BOLO 6.- DOMINGO 7.- DOCE 8.- GALOS



A SOPA DE LETRAS DO BOLO

6.- Localiza as seis palabras relacionadas cos bolos.

FARIÑA
CINZA
MILLO
MANTEIGA
BICA
AZUCRE



OS ALIMENTOS DO ENTROIDO



7.- Que outros alimentos son típicos do entroido?


| | | | | | | |
|------------|-------------|-----------|------------|-----------|-----------|-----------|
| BIN | CHEI | CA | CHA | LO | BO | RA |
|------------|-------------|-----------|------------|-----------|-----------|-----------|

| | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|
| | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|



COMO CHEGAMOS AO BOLO?

8.- Colorea o camiño que hai que seguir para chegar a pillar o bolo de Entroido.





«Reciben o nome de entroidos ou momadas toda agrupación con desfraces que sae dun lugar a outro; tamén se denominan mascaradas e maragatos.»

Non todas as momadas levan *madamitos*; para ser madamito, a primeira condición que se require é ser moi bo bailar e conformarse nunha festa, de tanto balbordo, con ser admirado polo baile e polo porte. Eran frecuentes nas mascaradas de Augasantas e Valongo, onde algunha vez temos visto ata catro parellas.

Os madamitos visten traxe negro, ás veces préstamo de antiga voda, sen adorno de ningún xénero; o anteface é de cartón e locen algunhas alfaias. Van todo o camiño de ganchete, sen separarse nunca as parellas.

Dunha rapaza que vai ben composta dise:
Vai que parece unha madamita.

Dunha parella que baila moi ben: *Bailan que nin madamitos.*



QUE SABES DOS MADAMITOS?

1.- Que son as momadas?

2.- Que outros nomes poden recibir? Pinta.

ESTROBOS

MARAGATOS

TARABELOS

MASCARADAS

ATRANQUES

ENTROIDOS

3.- Cal é a primeira condición para ser madamito?

4.- En que dúas localidades era frecuente ver madamitos?

5.- Como visten os madamitos?

6.- De que material está feito o seu anteface?

7.- De que modo van todo o camiño as parellas de madamitos?


8.- Que tres cousas leva o traxe do madamito?

9.- En que consiste «o baile dos madamitos»?



O ENCRUCILLADO DO MADAMITO

10.- Resolvemos o encrucillado?



HORIZONTAIS

- 1.- O que parece unha rapaza que no Entroido vai moi ben vestida.
- 2.- Van de dous en dous e de ganchete.
- 3.- A primeira condición que se require dun madamito, que sexa un bo...
- 4.- Unha maneira de collerse polos brazos as parellas.
- 5.- Conxuntos de xente disfrazada que saen dun lugar a outro.
- 6.- Obxectos feitos de materiais preciosos que levan os madamitos.
- 7.- Cantidade de parellas que se chegaron a ver nas mascaradas de Augasantas e Valongo.
- 8.- Material co que están feitos os antefaces dos madamitos.

1.- MADAMITA 2.- PARELLA 3.- BAILADOR 4.- GANCHETE
5.- MOMADAS 6.- XOIAS 7.- CATRO 8.- CARTÓN




A SOPA DOS PERSONAXES

12.- Localiza nesta sopa de letras o nome dos sete personaxes típicos do Entroido galego que aparecen na columna da esquerda.

**PANTALLAS
XENERAIS
BOTEIROS
VOLANTES
MERDEIROS
MADAMAS
GALÁNS**

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z | X | E | N | E | R | A | I | S |
| M | E | R | D | E | I | R | O | S |
| N | V | Z | X | M | V | L | C | B |
| B | O | T | E | I | R | O | S | M |
| G | L | C | B | V | Z | X | G | H |
| P | A | N | T | A | L | L | A | S |
| M | A | D | A | M | A | S | L | Z |
| B | T | S | N | V | X | C | A | P |
| H | E | F | Z | M | L | D | N | B |
| X | S | V | N | C | G | Z | S | H |




CARAUTA E MITRA DE FELO DE MACEDA





Levan como disface un traxe do revés, con remendos ou pezas caprichosas, un uniforme militar, ou sinxelamente un traxe improvisado pola man dunha costureira. O anteface adoita ser de *fol*, peleso caseiro empregado para a fariña e o gran, procurando que axuste un extremo (ou *cornello*) ao nariz; ás veces levan anteface de cartón, semellando o fociño dalgún animal, ao que se denomina *fociño de can*. Na cabeza un gorro cónico ou trapezoidal, coas súas correspondentes cintas. Van provistos de cordas e díselles berrando:



*Maragato pato,
rabo da cincha,
cando o galo canta,
maragato rincha.*

QUE SABES DOS MARAGATOS?

1.- Como van disfrazados os maragatos?

2.- De que material está feito o anteface do maragato?

3.- Como se chama a parte do anteface que lle cobre o nariz?

4.- Como se lle chama ao anteface que semella o fociño dalgún animal?

5.- De que tipo é o gorro dos maragatos? Que adorno levan?

6.- Completa a cantiga coa que se lles berra aos maragatos.

RINCHA MARAGATO CINCHA GALO RABO CANDO



G *pato,*
 B *da* **C** ,
 D *o* **L** *canta,*
maragato **H** .



LEMBRAS OS NOMES?

7.- Serás quen de unir as sílabas para formar palabras relacionadas co disfrace dos maragatos?

| | | | | | | | | |
|-----|-----|-------|-------|---|--|--|--|--|
| ME | NI | U | FOR | ▶ | | | | |
| DOS | RE | MEN | ————— | | | | | |
| TE | CE | AN | FA | ▶ | | | | |
| NE | LLO | COR | ————— | | | | | |
| CI | FO | ÑO | ————— | | | | | |
| DAS | COR | ————— | | | | | | |
| TU | RA | REI | COS | ▶ | | | | |

E NO ENTROIDO... A COMER!

8.- Os maragatos son típicos do Entroido, tan típico como comer cocido nestas datas. Localiza na sopa de letras o nome de sete alimentos que se consomen nestas datas.


| | | | | | | | | | | | |
|---|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| GARAVANZOS CHOURIZO PORCO GRELOS TOUCIÑO PATACA CACHUCHA | G | A | R | A | V | A | N | Z | O | S | P |
| | R | V | B | C | H | O | U | R | I | Z | O |
| | E | C | A | C | H | U | C | H | A | S | R |
| | L | X | C | V | H | G | L | D | B | M | C |
| | O | L | N | A | P | A | T | A | C | A | O |
| | S | C | S | X | T | O | U | C | I | Ñ | O |



CAL É O SEU NOME?

9.- Coloca cada nome onde lle corresponda e colorea.

CAXATO FAIXA BLUSA CINTAS
GORRO CÓNICO CAPA CALZÓNS



CANTAS SÍLABAS TEN CADA VERSO?

10.- Cantas sílabas hai en cada un dos versos do maragato?



Maragato pato, ▶

rabo da cincha, ▶

cando o galo canta, ▶

maragato rincha. ▶



FACEMOS ORACIÓN MARAGATAS?

11.- Le o significado de cada palabra e fai unha oración con cada unha delas.

REMENDO

Pedazo de tea, coiro... que se lle cose ao que está vello ou rompido.

PELELLO

Pel curtida e preparada para diferentes usos industriais.


FOCIÑO

Parte prolongada da cabeza dalgúns animais, na que están a boca e o nariz.

FOL

Saco de pel. Parte da gaita en forma de saco.














ONCE MÁSCARAS




A BOLBORETA




A CAVEIRA ARREPIANTE






A OSA PELUDA




UNHA RA VERDE, MOI VERDE











A RAPOSA



O PAXARO ENFURRUÑADO





O LEÓN PELUDO



A ANTEFACE CON CORNELLO

